

«Para traer empeño é mellor parar», din nas tarrafas amarradas este mes

► Cerqueiros de Foz prefiren coller axudas pola veda do xurelo e non comprar cota de sardiña

X.LOMBARDEIRO

FOZ. Non pararon todos pero o amarre das tarrafas Ollo do Mar e Mirando o Mar chama a atención sobre a situación do cerco. Os Ruiz e Rey preferiron unha pausa en setembro pois o xurelo está pechado, para capturar sardiña hai que comprar cota e o bocarte da volta é pequeno. «Xa en agosto entre as festas, ir ao carro e o pouco que deixaba o cupo de sardiña

ña gañamos só 200 euros e agora para traer empeño, mellor parar». Probaron por Fisterra pero tampouco resultou, vistos os gastos de manterse, o gasóleo e o autobús, así que decidiron acollerse ás axudas polo peche do chicharro e hai que estar un mes parados.

O problema é a sensación de abandono porque non ven relevo a bordo, non só no Mirando o Mar. Outros patróns, motoristas e ar-

madores miran de deixar todo se aproban axudas ao desguace. «Todos están coma min», di Germán Rey, «eu teño 53 anos e a poucos da xubilación, a xente abandona porque tampouco lle vas dar o barco a calquera ou a quen non saiba do mar». Cre que «van quedar catro nas Rías Baixas e nós xa andamos sen segundo patrón nin motorista, que se retiraron».

Agora aínda non as teñen todas

consgo sobre se terán dereito ás axudas neste parón para recuperar os bancos de chicharro. Aínda que nun borrador de xaneiro se fixaban mil euros por mariñeiro e 6.000 para o armador a fin de seguir pagando as cotas á Seguridade Social, estima que «se non vas ao mar, non gañas, pero polo menos non gastas gasóleo».

Outros barcos pararán a primeiros de febreiro unhas semanas, pero estes de Foz preferiron amarrar agora «a ver se nos toca algo». Din que «hai peixe nas Rías Baixas», pero considera «unha comedia» ter que comprarlles cota de sardiña aos barcos andaluces en Cádiz a 0,40 céntimos para que logo a paguen en lonxa a 0,60 céntimos. «Se compras 30.000 quilos pero logo botas 100.000 sen apuntar a maior parte, ao mellor che saen as contas pero tamén te expós. Nós levamos tres anos sen multas e preferimos non arriscar porque un día cóllente e xa che vén unha multa de 20.000 euros», explica este focego.

Di que aínda que haxa «sardiña como a palla» nas Rías Baixas, pola costa da Mariña é pequena e se hai cotas é precisamente para que o mar se recupere. Cre que se non atopan sardiña grande por estes mares se deba seguramente a algún cambio nas correntes. «Largar para logo tirar a que non ten talle por non ter cota é unha matanza, e tampouco vas ir ata a altura de Navia por mil quilos, que as comen na popa os de a bordo».

Recoñece este mariñeiro que toda a vida se defenderon os barcos a base de quilos e limpando un día para pasar outro porque «hoxe hai e mañá non», pero agora entre a falta de xente para ir ao mar, as «políticas pesqueiras», que a veces falta o recurso pesqueiro e os prezos do combustible, na faena case vaia o comido polo servido. «Con esta pequena opción, estase mellor parado», por iso quedan ao peirao dende o 31 de agosto, pero saben doutras tarrafas que prefiren comprar cota de sardiña.



O Mirando o Mar, amarrado en Burela. X.L.

Campaña científica O Ramón Margalef investiga se hai sardiña pequena

Científicos do Instituto Español de Oceanografía e do Instituto Portugués do Mar embarcaron o luns no buque Ramón Margalef para desenvolver unha campaña que busca «estimar a abundancia de sardiñas que naceron este ano

nas augas atlánticas da península Ibérica. Ata o día 25 cubrirán a área entre Fisterra e Sines, contando tamén co apoio dun barco do cerco en augas portuguesas.

Esta colaboración comezou en 2018 e dende o IEO aseguran que estas campañas con técnicas acústicas serviron para «constatar a existosa recuperación da poboación de sardiña, con bos recrutamentos observados en setembro de 2019 e o ano pasado». Agora buscarán xuvenís

de sardiña entre a costa e fondos de ata 125 metros, excepto nunha zona entre Oporto e Figueira da Foz, onde se cubrirán con máis detalle.

758 millas

Son as que se teñen previsto prospectar na plataforma galaicoportuguesa, incluíndo o interior das Rías Baixas.

Os científicos tamén farán 20 pescas para identificar as especies e tallas presentes.

O IES focense estrea unha aula de capacitación dixital na que se ofertarán cursos gratuítos

DELEGACIÓN

FOZ. O instituto de Foz oferta este curso 2023-24 unha aula de capacitación dixital na que se ofrecerá formación para adquirir coñecementos dixitais básicos sobre temas como solicitude de citas previas, obtención de certificados, comunicación con entidades financeiras, seguridade nas redes, compra online, correo electróni-

co ou videoconferencias, entre outros. Os cursos serán gratuítos e os asistentes recibirán certificación da Xunta. As persoas interesadas poden solicitar información no IES de Foz, a través do teléfono 982.87.02.87.

A directora do centro, Leticia Maseda, explicou que para este curso «temos unha novidade no IES de Foz, que é a oferta da aula

de capacitación dixital, que ofrece formación para todas aquelas persoas que non estean cursando ningún outro tipo de estudos e queiran formarse en coñecementos dixitais básicos: por exemplo algo tan simple como pedir unha cita previa, no Sergas ou en Facenda, ou obter o certificado dixital, buscar información en Google ou en redes sociais».

O programa cultural de Foz trae novidades teatrais, musicais e de cine para o outono

N.PAZ

FOZ. O Concello de Foz presentou onte a súa programación cultural para os meses de setembro, outubro e novembro, un acto no que a concelleira de Cultura, Inés López, resaltou

Lonjas

Burela

Abadejo	5,95-8,15
Bodión	2,75-7,90
Calamar	15,85
Congrio	1,1-2,75
Escacho	1,25-11,70
Faneca	1-3,45
Mero	15,45-18,45
Nécora	5,40-24,20
Pancho	4,95
Pescadilla	1,75-10,45
Pota	1,60-28,75
Pulpo	7,05-12,75
Robaliza	13,9-19
Rodaballo	12,80-31,80
Salmonete	14,80-20,70
Sargo	8,90-13
Merluza	3,25-18,90
Palometa Roja	3,80-44,40
Bertorella	1,10-2,45
Palometa Negra	1-2
Pez Palo	1,15-1,45
Maruca	1-1,55
Bonito	4,86-5,85

Celeiro

Badeixo	2,5-6,4
Bertorella	2-5,8
Besugo	10-25
Bodión	2,1-6,2
Cabra	2,5-6,1
Choco	9,7-10,9
Congrio	0,8-3,7
Escacho	2-5,9
Faneca	2,7-3,4
Gallo	4-8,5
Jurel	2,5-3,7
Lubina	14-20
Maruca	2,8-3,7
Merluza Pincho	3,7-20
Merluza Volanta	2,8-9,5
Mero	17,4-22,8
Nécora	17-38
Palometa Roja	17,5-50
Pulpo	8,2-14
Rape	6,8-11
Raya	2-3,5
Salmonetes	15-18,9
San Martiño	10-22
Verdel	2,7-3,1
Xuliana	4,5-9-



as novidades teatrais, de cine e musicais.

O programa comezou este mes coas sesións de cine, a partir das oito e media da tarde, na casa da cultura, que terán como protagonistas películas galegas premiadas nos Goya. Outubro celebrará o acto de elección da raíña ou rei do Entroido na Sala Bahía, o día 14, e continuará o mes co viclo Mestre Mateo.

En novembro a danza será protagonista co espectáculo 'Qualia' o día 3, mentres que o 10 se poderá ver 'Bailar agora'.